

Un volume insólito na bibliografía antifranquista galega: *Galicia hoy*, coordinado (con pseudónimos) por Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane, editado por Ruedo Ibérico (París) e impreso en Buenos Aires (1966)

Xesús ALONSO MONTERO

Universidade de Santiago de Compostela
Real Academia Galega

1. NOTA PRELIMINAR

Con este título pronunciei o 19 de setembro de 2014 unha conferencia plenaria nas Xornadas Internacionais UCM-UNED, encontro literario modélico no deseño e na organización, unha organización na que moitas persoas traballaron arreo e con xeito, nomeadamente a profesora Carmen Mejía e o profesor Ricardo Pichel (Beizóns a todos!).

Como é norma en min, eu non escribo as conferencias, norma que non quebrantei ese día, pese a estar nun escenario conmovedor para min: o paraninfo da Facultade na que eu cursei, de 1948 a 1953, a carreira de Filosofía e Letras na especialidade de Filoloxía Románica. Ese mesmo día, á tardiña, asistín a unha ponencia nunha aula na que hai 64 anos oía, engaiolado, as leccións de don Rafael Lapesa, aquelas severas, sabias e pedagóxicas explicacións de Gramática Históricas do gran don Rafael Lapesa.

Debo aclarar que na miña disertación ativenme, no esencial, a un traballo meu sobre o tema: o prólogo que escribín para a segunda edición de *Galicia hoy* (edición facsimilar), publicada por Edicións do Castro cando aínda vivía Isaac Díaz Pardo, no ano 2008.

Lembrarán os asistentes á miña conferencia que, para seguila mellor, dispuxeron dun programa minucioso con bastantes textos, breves en xeral. Pois ben, tales textos e tal programa procedían, en boa parte, do prólogo citado, que agora, con algúns retoques e algunha *addenda*, ofrezco ós lectores de *Madrygal*.

2. PALABRAS PREVIAS

Galicia hoy, publicado en 1966, foi un volume clandestino na última década da era de Franco. Admirable colectánea de textos e documentos antifranquistas, Fraga Iribarne, ministro de Propaganda daquel Rexime, perseguiu asañadamente, non sempre con éxito. Libreiros “patriotas” da causa antifranquista arriscaban diñeiro e algo máis para que o volume se espallase. Eran os libreiros que agachaban na trastenda dos seus establecementos *Sempre en Caliza*, de Castelao, e outros títulos de Ruedo Ibérico, a editorial de París que publicou *Galicia hoy*. Eses libreiros teñen nome e apelidos e algún día deberían ser lembrados nunha páxina da Lei da Memoria Histórica: Enrique Molist na Coruña, Carlos Vázquez en Ourense, Eduardo Hernández en Santiago, Antón Patiño en Vigo¹...

¹ Un destes libreiros xa suscitou un volume de homenaxe coordinado polo profesor Sergio Vences co título *Liber: de libros y libertades. Homenaje al librero Enrique Molist*, Universidade da Coruña, 1999. En canto a Carlos Vázquez, que rexentou en Ourense Gráficas Tanco e foi editor de Antonio Tovar, o Foro pola Memoria Republicana de Galicia prepara unha homenaxe para data próxima.

O libro esgotouse hai tempo, hai moito tempo. Hoxe, corenta e dous anos despois, o volume reeditase. Xa non será clandestino, e a súa función, por tanto, será outra cando chegue ás mans dos que, moi novos ou non nados en 1966, saben pouco da loita antifranquista no eido cultural. Este volume conta a historia política de Galicia tal como a entendían os que discrepaban do omnímodo e ominoso discurso oficial, tan magnificado pola voz de Manuel Fraga Iribarne cunha potencia fónica digna de mellor causa. Para moitos profesionais de hoxe (historiadores, politólogos, estudosos das Letras galegas...) é unha peza bibliográfica de primeira magnitude. Esencial.

3. ISAAC DÍAZ PARDO E LUÍS SEOANE, RESPONSABLES INTELLECTUAIS DO VOLUME

O ano 1966 é un *annus mirabilis* na biografía do editor-conspirador Isaac Díaz Pardo. É o ano do volume colectivo *Galicia hoy*, que, editado por Ruedo Ibérico, foi impreso en Buenos Aires na imprenta López, o obradoiro tipográfico en que imprimía os seus libros, desde había moitos anos, o escritor e editor Luís Seoane. El (co pseudónimo de Maximino Brocos) e Isaac (co de Santiago Fernández) figuran como responsables intelectuais da edición. Eu, que asistín, en parte, á xestación e coordinación do volume, sempre entendín que o verdadeiro editor literario desta colectánea reivindicativa e antifranquista fora Díaz Pardo. Confirmamo agora unha carta de Seoane do 7 de xuño de 1965:

El libro tiene que ser lo más ágil posible. Pero tú ya lo tienes hecho por lo que leo en tu última carta y no tengo nada –me parece bueno– que discutir. Yo haré la tapa y los dibujos que me pides... Sólo te ruego no me incluyas a mí en tus peticiones a García-Sabell y a del Riego... (América Díaz 2004: 120)

Fernández del Riego e Domingo García-Sabell non colaboran, pero tampouco sei se Díaz Pardo, despois da puntualización de Seoane, solicitou a colaboración deles...

4. DA MIÑA COLABORACIÓN

Dos textos en prosa, o único artigo non pseudónimo foi o meu: “El gallego. Historia, razón, pasión, adversidad y esperanzas de una lengua” (pp. 26-36). Escribino con criterios un tanto autocensórios, razón pola cal non exerceo a Franco (nin sequera a Fraga), se ben non omito formulacións “marxistoides” (como me dixo o Gobernador Civil de Lugo); esta, por exemplo: “Escribir en gallego, para ciertos escritores de hoy, es la forma más sincera, más humana de estar con los que padecen la historia” (p. 31).

O artigo, enteiro, foi reproducido, moi pouco despois, en *Nova Galicia*, revista cultural e política que o Partido Comunista publicaba en París (nº 2, 1966). Eu era colaborador habitual desa revista, pero con pseudónimo: S. Novo ou Santiago Novo.

Fun eu quen lle proporcionou a Díaz Pardo a conmovedora carta manuscrita autógrafa do galeguista Víctor Casas, escrita, para don Manuel Gómez Román (Secretario Xeral do Partido Galeguista), o 2 de novembro de 1936, horas antes de ser fusilado². É a primeira carta dun republicano galego condenado a morte, fusilado nos anos da Guerra Civil, que se publicou (as tres que escribiu Alexandre Bóveda, o 17 de agosto de 1936, publicáronse anos despois).

No meu ensaio filolóxico, no capítulo referido ó ensino, citaba un manualiño que, co título de *Libro das primeiras letras*, escribira Ben-Cho-Shey antes do tráxico verán do 36. Eu sabía, porque mo dixera o autor, que este catón ía ser prologado por Alexandre Bóveda,

² Xa teño contado nalgún artigo que esta estremecedora carta, atopada por un colaborador de Gómez Román no seu estudo de arquitecto, foi doada por aquel ó oftalmólogo Antón Beiras, quen, na compañía da súa muller, Antía Cal, regaláronma a min pouco despois da morte do Secretario do Partido Galeguista, acaecida o 11 de novembro de 1964.

dato que consignei en nota, nota que non se lle escapou ó primeiro lector do meu estudo, Isaac Díaz Pardo. O meu atengo lector, editor da Memoria republicana, púxose axiña á fala con Ben-Cho-Shey e pouco tempo despois publicaba en Edicións do Castro, co título, agora, de *Catón galego*, o pioneiro manualiño. Para o volume, nunha fermosísima edición coidada polo propio Díaz Pardo, fixo as ilustracións Beatriz Rei, e a cuberta, Luís Seoane. A min, Isaac asignoume a honra de prologo³.

5. COLABORADORES

Dos outros traballos en prosa, só un está asinado, se ben con pseudónimo, Auverre: “Los exiliados gallegos”. O autor, Alberto Vilanova Rodríguez, era, nesa altura, profesor de Historia na Universidade de Bahía Blanca (Arxentina). O propio Díaz Pardo reproduciu-no, como apéndice dun libro seu, once anos despois, nesta ocasión co nome e apelidos do autor⁴.

Como anónimos figuran os restantes traballos: “Efemérides”, “El principio de la guerra civil y la resistencia armada al comienzo en Galicia”, “Movimientos de expresión política, social y económica. La Iglesia”, “El ‘milagro español’ en Galicia al cierre de este libro, en 1966”...

Os versos –todos dentro da poética civil– están moi ben escolleitos. Van da Idade Media (Martín Moxa, Airas Nunes...) ós poetas vivos (Arcadio López-Casanova, Antonio Tovar, Manuel María...). Trátase de poemas xa publicados con anterioridade en libros ou revistas, incluso no caso de Celso Emilio Ferreiro e Lorenzo Varela. De Lorenzo Varela publícase por primeira vez “Emigrantes”, sen pseudónimo (o autor reside en Buenos Aires), e de Celso Emilio, “Vinte e cinco anos de paz”, co pseudónimo Xan Casalderrei Petán (o autor residía en Vigo). Aquí loce o poeta o seu talento para a *execratio*:

España, sangue e area:
trinta millóns de farrapos
atados a unha cadea.

(...)

Paz de roubo financiado,
paz de pulpo monopolio,
paz de fusil apuntado.
Paz de bispo troglodita,
solideo insolidario,
don Oppas hemafrodita.

España, sangue e area:
trinta millóns de pantasma
van pasando en estadea.

Celso Emilio estaba farto da campaña “25 años de paz”, dirixida por Manuel Fraga Iribarne cun entusiasmo e unha eficacia dignos de mellor causa. Estas páxinas –e moitas outras– foron solicitadas ou instadas, en gran parte, por Isaac Díaz Pardo; nesta ocasión Santiago Fernández, pseudónimo que, sen dúbida, descifrou a policía intelectual do Réxime.

Hai dúas páxinas en *Galicia hoy* que esixen unha atención especial, a 41 e a 53. Na primeira, os editores reproducen as tres maxistras estampas nas que Castelao responsabiliza da Guerra Civil Española ó “Clericalismo”, ó “Militarismo” e ó “Capitalismo”, estampas que moitos lectores coñecen pola versión *suavizada* que o autor nos ofrece no Libro Segundo de *Sempre en Galiza* (1944). Os editores, moi eruditos e moi pouco eufemistas, reproducen os tres artigos (e os correspondentes debuxos) tal como se publicaron, no fragor da Guerra Civil, co título xeral “As tres plagas”, na revista *Nova Galiza* (Barcelona, nº 2, 20/04/1937). Nesta edición, a terceira das estampas titúlase “Capitalismo”, non “Semi-feudalismo”. En canto á primeira estampa, “Clericalismo”, o texto reproducido en *Sempre en Galiza* omite este significativo parágrafo:

O símbolo fundamental da Eirexa hespañola xa non era a cruz latina; era a cruz gammada. Xa non era o emblema da redención cristián; era o símbolo da paganía. Calisquera día veríamos a cruz “swástica” nos altares.

³ *Catón galego*, Edicións do Castro, 1969.

⁴ *Galicia hoy y el resto del mundo*, Edicións do Castro, 1987, pp. 243-257.

O que non omite Castelao en ningunha das dúas edicións é o esclarecedor epifonema final: “¡Por algo Deus deixou queimar eirexas!”.

Na páxina 53 de *Galicia hoy* publícase por primeira vez o poema de Luís Pimentel “Cunetas”, poema de marzo de 1937 no que o seu autor consigna o espanto que asalta o seu corazón, de seu tan vulnerable, cando bate, á beira dos camiños, co “sangue dos mestres e obreiros” asasinados polas forzas do terror, do terror que protagoniza xa o primeiro verso do poema:

¡Outra vez; outra vez o terror!

Outros versos non sobrecollen menos:

Deixas atrás a vila.
Ti sabes que todos os días
hai un home morto na cuneta,
que ninguén coñece aínda.
Unha muller sobre o cadáver do seu home
chora

Nun libro meu de 1990 demostrei que “Cunetas”, sen dúbida de Luís Pimentel, é un ‘collage’ en galego de versos casteláns do gran escritor lugués (Alonso Montero 1990: 83-88). O “rifacimento”, obra, moi probablemente, de Luís Seoane, hai que entendelo –sen xustificalo, necesariamente– dentro das páxinas dun libro militante, militancia xa sinalada polos editores nas primeiras liñas do limiar:

Galicia hoy aspira a ser un breve compendio de noticias y comentarios que reflejan la actual realidad gallega cuidadosamente silenciada por la prensa española y la propaganda oficial (...) Recoge, además, aquellas otras referidas a la Guerra Civil, a sus vísperas y a los años inmediatos que la siguen con abundantes operaciones guerrilleras, suficientemente desacreditadas por esa misma propaganda y por una historia mentida e impuesta en la que se hace aparecer el pueblo gallego como unánimemente sumado a la insurrección militar y fascista de 1936, cuando es sabido, por quienes vivieron esos años, que Galicia fue uno de los países de España donde la represión fue más cruel y de más larga duración.

Para cuestionar o discurso oficial do Réxime, para cuestionar a historiografía dos vencedores, publicouse en 1966 *Galicia hoy*, conscientes os editores, sen dúbida, de que este alegato moi pouco podía facer para corrixir un discurso político tan manipulador. De todos os xeitos, o alegato de Seoane e Díaz Pardo chegou ás mans dunha minoría de universitarios, de profesionais e de obreiros que, ata 1966, en xeral, estaban orfos de información impresa destas características. *Galicia hoy*, para uns poucos centos de lectores antifranquistas, foi unha beizón.

Foino tamén polas ilustracións plásticas, con páxinas elocuentes de artistas xa consagrados (Seoane, Díaz Pardo, Laxeiro), de artistas que xa tiñan un nome (Agustín Pérez Bellas, Raimundo Patiño) e outros. Cómpre salientar o nome de Colmeiro, do que os editores publican debuxos inéditos de denuncia feitos nos días tráxicos de 1936.

No capítulo da iconografía hai que ter moi en conta as fotografías antitriunfalistas e antiidílicas que ilustran bastantes páxinas do volume. Non se omite a celeberrima de Manuel Ferrol (o emigrante co seu fillo), que xa Luís Seoane ofrecera anos antes na revista *Galicia Emigrante*.

6. DÍAZ PARDO E RUEDO IBÉRICO

Neste apartado voume limitar a reproducir dúas páxinas do propio Díaz Pardo, que explican as razóns da súa vinculación á editorial parisina. Esas páxinas tamén explican a admiración que, desde os primeiros encontros, sentiu Díaz Pardo por José Martínez (1921-1986), o editor máis detestado por Manuel Fraga Iribarne. Como noutros momentos da vida de Isaac, está moi presente, neses primeiros encontros, o nome de Castelao, artista que –informanos Díaz Pardo– ía ser obxecto dunha manipulación trivilizadora por parte do Ministerio que dirixía, tonitronante, Fraga. Sobre Ruedo Ibérico, editorial á que axudou economicamente Isaac case desde a súa fundación (1962), o propio Isaac escribe nun opúsculo de homenaxe a José Martínez, o seu director⁵:

⁵ *Rememorización de José Martínez, fundador de Ruedo Ibérico*, Edicións do Castro, 1987, pp. 8-10.

Aunque el objetivo de la editorial era publicar primero el *Laberinto...* de Brenan, el primer libro que salió de las prensas de Ruedo Ibérico fue la *Historia de la Guerra Civil Española*, de Hugh Thomas, del que se hicieron varias reediciones. Pero Thomas, una vez muerto Franco, no va a tener en cuenta el colosal esfuerzo que había hecho Ruedo y entregaría su obra a los grandes negocios editoriales (que al venir la democracia reportaba el ansia de conocer la historia enterrada de la guerra civil) de quienes podían permitirse alardes financieros con dineros ganados adulando al franquismo.

Después del de Thomas, salió el Brenan y seguido el Mihail Koltsov y el *España canta a Cuba*, antología de poetas españoles del interior que se sumaban al esfuerzo de la revolución cubana. El conjunto conceptual que significaban estos cuatro libros causó admiración en quienes estábamos buscando algo que recuperase la memoria histórica con rigor y que tuviese el aliento de una gran empresa culta en la avanzada independiente de nuestro tiempo.

Yo estaba entonces en América pero viajaba con bastante frecuencia a España pasando generalmente por París donde había amigos preocupados por el problema de España tratando de buscarle una solución. En el año 64, al cumplirse 25 años del final de la guerra civil, aparecieron carteles por toda España conmemorando los “25 años de paz” del Régimen. Tenían la característica de estar algunos redactados en catalán, otros en vascuence y otros en gallego. Obedecía a una operación estudiada para disfrazar al régimen que había perseguido sañudamente todas las lenguas del país. Pero algo más se tramaba, y de ello pudimos tener información en Madrid por gentes que, trabajando dentro del “aparato”, no estaban de acuerdo con él. El Ministerio de Información preparaba un libro utilizando a Castelao como un dibujante folklórico, despolitizado, como una especie de “merendiñas” para atraer turismo de la emigración, en su mayoría gallega. ¡Hasta ahí podíamos llegar! Fue este el momento, 1964, en que tomé contacto con Pepe Martínez. Tuvimos una reunión en la rue Aubriot, que fue el primer local que tuvo Ruedo Ibérico. Con Pepe trabajaba un gallego, Javier Alvajar, hijo del periodista y político exiliado César Alvajar, que representaba en París al Consello de Galiza, radicado en

Buenos Aires. Ese día que nos conocimos personalmente nos reunimos a cenar mi mujer y yo con Pepe en un restaurante de Saint Germain y nos acompañó la que llevaba la gerencia de la editorial, la suiza Marianne Brull.

En poco tiempo preparamos la edición de un libro para salirle al paso al Ministerio de Información y cortarle lo que pretendía hacer con Castelao. El libro en edición bilingüe era *El Pensamiento Político de Castelao*. Llevaba un prólogo de Alberto Míguez que, en aquellos momentos, dirigía en Madrid un diario económico, “3 E”. Cuando el Ministerio se enteró de aquel libro con el que Ruedo Ibérico le frustraba su operación folclórica sobre Castelao, montó en cólera e impuso la destitución fulminante de Alberto Míguez en la dirección de “3 E” (Míguez hubo de esconderse porque se las juró) y le montó un proceso que terminó condenándolo y multándolo.

A partir de este libro la colaboración con Pepe Martínez ya no se interrumpió hasta su muerte, si bien con Ruedo Ibérico nuestra relación aún sigue, pues aunque dan por muerta la editorial lo cierto es que aún tiene alguna vida y somos José Manuel Naredo y yo quienes estamos tratando de dar un buen fin a su activo y a su pasivo, sin perjudicar a nadie, como era la voluntad de Pepe Martínez.

Xa en 1966 Isaac Díaz Pardo, co pseudónimo de Santiago Fernández, alertara sobre a política represora de Fraga Iribarne, e fixoo, precisamente, nun volume de Ruedo Ibérico, *Horizonte Español*. Este é o pronunciamento de Isaac:

Castelao, un “rojo exiliado”, llega a ser clandestino. Los inquisidores del Ministerio de Información prohíben escribir en gallego, prohíben la enseñanza del idioma, prohíben, prohíben y prohíben. Ya es tarde. Resulta tarde para los sicarios de la tortura y el fusil, para los escribientes y los “delegados de información” (más bien de difamación, y mutilación de la información) con un ministro nacido en Villalba (Lugo), pero no gallego en su esquema mental y en su actuación pública, pretender acallar ese gran movimiento de solidaridad de intelectuales y campesinos, de burgueses y de universitarios⁶.

⁶ “El movimiento nacional en Galicia”, en *Horizonte Español*, París, Ruedo Ibérico, 1966. Neste ano, intelectuais, campesiños, estudantes... protagonizan unha protesta moi importante contra FENOSA e en favor dos campesiños ós que estaban asulagando os seus viñedos co encoro de Castrelo de Miño.

Quen prohibía o ensino do idioma, en realidade, era o sistema político do que Fraga Iribarne (“el ministro nacido en Villalba”) foi unha peza moi consciente e, desgraciadamente, moi eficaz. Tan eficaz que foron os “inquisidores” do seu ministerio os que descubriron a circulación clandestina da antoloxía *El pensamiento político de Castela*, feita e prologada por Alberto Míguez un ano antes, en 1965. Publicouna, en París, Ruedo Ibérico. A man conspiradora de Isaac estaba na operación. Foi tamén Díaz Pardo quen comprometeu a Valentín Paz Andrade para que fose, nese ano 1966, avogado defensor de Alberto Míguez. Aínda así, Míguez foi condenado polo Tribunal de Orden Público a seis meses de cadea e dez mil pesetas de multa. Isaac, doído co proceso contra Alberto Míguez, do que se sentía “culpable”, estaba moi alporizado no momento en que escribe para *Horizonte Español*, tan alporizado que lle apón ó ministerio de Fraga culpas que eran do sistema, un sistema, querido Isaac, que non prohibía “escribir en gallego”: o que prohibía era o galego (e o castelán) que o Poder, especialmente o de Fraga Iribarne, acumulaba de “roxo” ou “separatista”.

Fraga Iribarne –cítese ou non– está moi presente en *Galicia hoy*, un volume que nace nun tempo de xenreira e noxo: o noxo e a xenreira provocados polo Ministro de Información que, en 1964, empapela España enteira con millóns de carteis que pregoaban os “25 años de paz” nun país sen liberdades, sen dereitos e no que se acababa de asasinar, despois de torturalo, a Julián Grimau.

7. OUTROS ASPECTOS

Pénsese que estamos en 1966, datas en que o franquismo, ás veces, ten que ser unha miguña tolerante ou permisivo. De aí que nalgúns xornais españois, en ocasións, se publiquen textos inimaxinables uns anos antes, por exemplo, cartas abertas ou escritos colectivos nos que se cuestiona, “con el respeto debido”, algunha medida oficial. Textos desta índole reproducéos, tamén, *Galicia hoy*: “120 intelectuales gallegos reclaman soluciones a los problemas agrarios de Galicia” (pp. 123-128), “2.500 firmantes reclaman el uso

del idioma gallego en la liturgia” (p. 135)”, “Adhesión de universitarios compostelanos a los actos de homenaje a Machado que fueron prohibidos el día 20 de marzo en Baeza” (pp. 136 e 141), etc.

Galicia hoy reproduce, tamén, textos de denuncia semellantes aparecidos en periódicos que non son do Réxime: “Mensaje de los emigrados en Argentina sobre el desarrollo económico de Galicia” (pp. 131-135); “Acusamos... ao clero gallego de NEMIGO DO POBO” (no nº 1 do boletín –clandestino– da UPG *Terra e Tempo*, 1965).

8. TEMORES DE DÍAZ PARDO

En carta súa a Xosé Neira Vilas cando estaba a punto de saír *Galicia hoy*, exponlle desde Buenos Aires a Cuba (15/06/1966):

O libro que se imprime acó pro que edita Ruedo Ibérico e distribúe, vai o alegato meirande que se teña feito xa non soio contra o franquismo senón contra toda a reaición. Se as cousas non milloran, uns cantos iremos á cadea. Xa veremos. En xulio debe de estar distribuíndose... Seoane está tamén volcado no libro.

En efecto, foi “o alegato meirande” contra o franquismo e a reacción desde 1936. Felizmente, nin Díaz Pardo nin os seus compañeiros de viaxe fomos á cadea por ese motivo, por ese nobre motivo.

9. OUTRA GALICIA HOY DE 1966

O volume *Galicia hoy*, editado en 1966 por Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo, foi a resposta laica a aquel tempo de infamia e de miseria. Foi unha resposta, en moitas páxinas, moi clara e contundente, como correspondía a un libro clandestino. Houbo outra resposta, non clandestina e elaborada nun obradoiro católico de Madrid. Esta resposta, non laica, titúlase, tamén, *Galicia hoy*. É de xustiza lembrala e gabala.

Trátase do número de decembro de 1966 do “Semanao de la juventud” *Signo*, revista vencellada, daquela, a un sector da igrexa (católica) “progresista”, concepción ben presente nas páxinas deste número monográfico, redactado, casi totalmente, por galegos disidentes

dos “Principios fundamentales del Movimiento”: Alberto Míguez, José Antonio Arjona, Raimundo Patiño, Manuel María, Pilar Allegue, Basilio Losada, Torres Queiruga, Xan López Facal, José Soto Rodríguez, Bautista Álvarez, María Xosé Queizán... Eramos todos máis ou menos novos, agás o gran patriarca, Ramón Otero Pedrayo, e tres nomes xa con obra na República (Ben-Cho-Shey, Ramón de Valenzuela e Enrique Vidal Abascal). En idioma galego só os poemas de Alfonso Gallego Vila, Novoneyra, Rodríguez Baixeras (que se presentaba como “poeta catalán”) e Lois Diéguez, autor dun alegato indirecto contra FENOSA titulado “Castrelo de Miño”. Títulos hai, para aquelas datas, que, sen dúbida, desacougaron ós funcionarios do departamento censorio do Ministerio de Fraga Iribarne: “Lengua y evangelización” (Torres Queiruga), “Aproximación a Castelao. Ni escritor, ni político, ni dibujante sino un hombre debido a su pueblo” (Méndez Ferrín), “Intolerable supervivencia del caciquismo en Galicia” (Juan Soto Gutiérrez), “La autodeterminación no es separatismo” (Bautista Álvarez) e “El idioma gallego, lengua vil en el ideario burgués”. Neste artigo, da miña autoría, estreábame eu como teorizador marxistizante da lingua que falaba, en Galicia, a nación sociolóxica dos desfavorecidos, *grosso modo*, da historia.

Daqueles autores, algúns desapareceron axiña da prensa (e do libro), como José Soto Rodríguez (que se autotitulaba “gaiteiro”, e érao) e José Antonio Arjona, unha das voces marxistas máis preparadas daquel momento. É mágoa que o *Diccionario de publicaciones periódicas* da Editorial Galaxia non acolla este interesante e valente número monográfico de *Signo*, ilustrado con incisivas fotografías e, sobre todo, con estampas de Castelao, elocuentes como denuncia das vellas eivas. *Signo*, despois deste monográfico, certamente arriscado, foi prohibido.

APÉNDICE I: Carta do dirixente galeguista Víctor Casas (A Coruña, 1900 - A Caeira, Poio, 12/11/1936)

Na colectánea editada por min co título *Cartas de republicanos galegos condenados*

a morte (1936-1948) (Vigo, Xerais, 2009; 2ª ed., *id.*, 2010) ofrecemos, con notas, esta carta, a única en galego do autor, e dúas máis (á muller, ós irmáns). O facsímile en *Galicia hoy* non está moi claro. Teño dúbidas sobre dúas palabras: *temor* (*tenor?*) e *enxerguer* (?).

Cárcel de Pontevedra 2 Novembre 1936
Irmán
Manuel Gómez Román
Arquitecto
Vigo

Querido D. Manuel: Quero, n’este intre, despedirme en vosté de todol-os nosos irmáns. Non hei de entrar en detalles para lle expoñer o asesinato que conmigo e demais compañeiros se cometen. De todol-os procesos habidos ha de resaltar sempre o noso: resolto de unha maneira craramente arbitraria, obedecendo a un desexo de vinganza e temor que polo visto necesitaron n’estes intres en que xa teñen o convencimento absoluto da súa derrota. En fin: é triste e dooso morrer estupidamente, sin motivo ningún, sobor todo cando xa se olla perto o triunfo da nosa Causa por virtude do aplastamento do movemento criminal que ensaguentou a Hespaña e no que a Galicia tocoulle o papel de mártir.

Pídolle a vosté e a todos que no intre do triunfo e da liquidación do sucedido non esquezan os culpables. Confío en que seguirán traballando pola Terra encamiñándoa xa polos vieiros da súa liberación definitiva. Reorgaicen o Partido, o noso gregorioso Partido, e xa craramente, pois non pode haber dúbida para ninguén, con un matiz netamente esquerdista dentro das esencias vivas da personalidade de Galicia.

Respecto aos meus, muller, fillos e nai, nada lle digo que non enxerguer sin verbas. Confío en que as familias dos que caímos non ficarán desamparadas. Agardo de vostedes se preocupen de que as dos galeguistas caídos terán a compensación posíbel.

E nada máis. Morro pensando nos meus e na miña Causa. Despídame de todos.

De todo corazón envíolle unha aberta fonda de irmán na Causa.

Víctor Casas
¡Viva Galicia libre!

APÉNDICE II

Neste apéndice ofrecemos o poema “Vinte e cinco anos de paz”, que o seu autor, Celso Emilio Ferreiro, por razóns obvias, asinou con pseudónimo, novo daquela (“Xan Casalderrei Petán”). É unha mostra elocuente do estro satírico do autor de *Longa noite de pedra*, a nosa mellor musa quevedesca.

Vinte e cinco anos de paz

España, sangre e area:
trinta millós de farrapos
atados a unha cadea.
Todos levan sobre a faz
un carimbo de tristura:
vintecinco anos de paz.
Paz de cuartel, paz de preso,
paz de pobo asoballado,

paz de pau e tente teso.
Paz do conde de Fenosa,
gran cabaleiro de industria
que asulaga a terra nosa.
Par de osario e cimiterio,
paz de chaira inhabitada,
paz de oprobio e cautiverio.
Paz de mazmorra e censura,
paz de mansos periodistas
lambecús da dictadura.
Paz de roubo financiado,
paz de pulpo monopolio,
paz de fusil apuntado.
Paz de bispo troglodita,
solideo insolidario,
don Oppas hermafrodita.
España, sangue e area:
trinta millós de pantasma
van pasando en estadea.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALONSO MONTERO, Xesús (1990): *Luis Pimentel: biografía da súa poesía*. Vilaboa: Edicións do Cumio.
- BEN-CHO-SHEY (1969): *Catón galego*. Sada: Edicións do Castro.
- (2010² [2009]): *Cartas de republicanos galegos condenados a morte (1936-1948)*. Vigo: Xerais.
- DÍAZ, María América (2004): *Luis Seoane. Notas as súas cartas a Díaz Pardo (1957-1979)*. Sada: Edicións do Castro.
- DÍAZ PARDO, Isaac (1966): “El movimiento nacional en Galicia”, en *Horizonte Español*. París: Ruedo Ibérico.
- (1987): *Rememorización de José Martínez, fundador de Ruedo Ibérico*. Sada: Edicións do Castro.
- (1987): *Galicia hoy y el resto del mundo*. Sada: Edicións do Castro.